

ACTA 04/26 DA XUNTA ELECTORAL
DA FEDERACION GALEGA DE XADREZ

RESOLUCION DE RECLAMACIÓNS Á PROCLAMACION PROVISIONAL DE
CANDIDATURAS Á ASEMBLEA XERAL

A 13 de agosto de 2026, sendo as 12:00 horas, reúnese a Xunta Electoral da Federación Galega de Xadrez, válidamente constituída, co fin de proceder á resolución das reclamacións recibidas con motivo da proclamación provisional das candidaturas a membros da Asemblea Xeral.

ANTECEDENTES:

1º .- O día 05/08/26, mediante Acta 03/26 da Xunta Electoral procedeuse á aprobación da lista provisional de candidaturas á Asemblea Xeral da Federación Galega de Xadrez, de conformidade co establecido no Calendario Electoral

2º .- Publicada a citada proclamación de candidatos á Asemblea Xeral, abriuse un prazo de reclamacións según o previsto no Calendario e Regulamento Electoral

Unha vez examinadas as reclamacións recibidas a Xunta Electoral

ACORDA:

1.- Admitir a candidatura do “CLUB DEPORTIVO MARQUIÑO” polo estamento de entidades deportivas xa que quedou comprobado que presentou a súa candidatura en prazo e forma según o establecido no Regulamento Electoral

Polo tanto **o Club Deportivo Marquiño pasará a formar parte da lista provisional de candidatos á Asemblea Xeral da Federación Galega de Xadrez polo estamento de Entidades Deportivas**

2.- Na lista provisional de candidatos polo estamento de deportistas aparece D. Rodrigo González Regueiro como “pendiente de subsanación da candidatura”

Este deportista presentou a súa candidatura cun defecto de forma (candidatura presentada sin firmar)

Enviado escrito de reclamación de subsanación do erro a D. Rodrigo González Regueiro, dando un prazo para a citada subsanación ata o día 12 de agosto as 14:00 horas, e non recibida resposta nesta Xunta Electoral, **acórdase eliminar da lista de candidatos á Asemblea polo estamento de deportistas a D. RODRIGO GONZÁLEZ REGUEIRO**

3.- Inadmisión de candidaturas por extemporáneas:

Na acta nº 3/26, de proclamación provisional de candidatos á Asemblea da Federación Galega de Xadrez acórdase que as seguintes candidaturas **quedan inadmitidas por extemporáneas**:

- Club Xadrez Albariño (estamento de entidades deportivas)
- C.A. Café Nemenzo (estamento de entidades deportivas)
- Alfonso Hugo García Brión (estamento de deportistas)

No prazo establecido para a reclamación á proclamación provisional de candidatos á Asemblea recibíronse nesta Xunta Electoral dúas reclamacións (de Alfonso Hugo García Brión e do C.A. Café Nemezo) e un escrito de "comunicación sobre información errónea da Xunta Electoral relativa ao prazo de candidaturas" (de D. José Pena Torres, como Presidente do Club Algalia)

Esta Xunta Electoral acorda:

- Estudiar as reclamacións de Alfonso Hugo García Brion e de C.A. Café Nemenzo, como partes interesadas, para darlle resposta
- E, aínda que o "Club Algalia" non é parte interesada e polo tanto non está lexitimado para interpor reclamación, pero á vista de que no seu escrito solicita o mesmo que os demandantes antes citados, analizar o seu escrito e enviarlle resposta

Estudianse os 3 escritos recibidos ante a Xunta Electoral, nos que se solicita que se revise a inadmisión por extemporáneas das 3 candidaturas e

ARGUMENTAMOS:

a).- O establecemento de que a finalización dos prazos é as 14:00 horas está previsto no Regulamento Electoral (punto 3 do artigo 12), regulamento revisado e aprobado pola Xunta de Galicia e publicado na web da Federación Galega de Xadrez

b).- O articulado do Regulamento Electoral límitase a aplicar o que establece a Lei Específica de procesos electorais, concretamente o Decreto 13/2018

Entendemos que nos procesos electorais deben aplicarse as normas propias de tales procesos e non a normativa xeneral, tal e como solicitan os demandantes

c).- En canto ao argumento do Club Algalia de que ante unha consulta á Xunta Electoral sobre o prazo de presentación de candidaturas á Asamble Xeral a resposta foi: " el día 4 es la fecha límite para la presentación de candidaturas" e que esta resposta él a trasladou a varios interesados, argumentando que con esta resposta "a propia Xunta Electoral xerou a expectativa de que o prazo remataba ao final dese día":

a Xunta Electoral considera que calquer membro do censo electoral definitivo da Federación Galega de Xadrez que esté interesado en formar parte da Asamble Xeral desta Federación, ten a obriga moral, á hora de presentar a súa candidatura, de interesarse e coñecer o Regulamento Electoral, e no mesmo está claro o horario de presentación de candidaturas, e eso queda probado con que sólo estes 3 candidatos presentaron o seu escrito máis tarde da hora estipulada.

Polo tanto ACORDASE manter como inadmitidas por extemporáneas as seguintes candidaturas á Asemblea da Federación Galega de Xadrez:

- Club Xadrez Albariño (estamento de entidades deportivas)
- C.A Café Nemenzo (estamento de entidades deportivas)
- Alfonso Hugo García Brión (estamento de deportistas)

4.- Acórdase trasladar esta resolución a os reclamantes.

Ante esta resolución poderá presentarse recurso ante O Comité Galego de Xustiza Deportiva

Atendendo ao artigo 34 do Regulamento o recurso ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva deberá presentarse ante a Xunta Electoral da Federación, que o remitirá ao Comité

O prazo de presentación de recursos termina o día 18 de agosto ás 14:00 horas


E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión

Presidente




José Manuel Pérez Prego

Secretaria



Ana Mª Iglesias Casal

Vogal



Mª Dorinda Garaboa Paz